

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 13 DE ABRIL DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de abril de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 6 de abril de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de abril de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

Non se utilizou este punto da orde do día.

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 31 de marzo ao 8 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 434/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 462/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data	Asunto
434/2021	31-03-2021	Revogación da concesión das bonificacións do 100% nas taxas pola subministración de auga e polo servizo de rede de sumidoiros.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		(Primeiro trimestre 2021)
435/2021	31-03-2021	Concesión bonificación agua trimestral 100%
436/2021	31-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 6 de abril de 2021
437/2021	31-03-2021	Aprobar as cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do primeiro trimestre de 2021
438/2021	31-03-2021	Padrón agua 1º trimestre 2021
441/2021	05-04-2021	Nomeamento de docente para impartir: "BAE 2.0" no obradoiro de Emprego PROXEDIS-PROWEB II
442/2021	05-04-2021	Recoñecemento de obriga de pagamento anticipado de dúas matrículas para un curso en liña organizado pola Deputación provincial de Pontevedra a través da "rede de cidades que camiñan" por importe total de 600,00€, mediante transferencia bancaria ao seu favor, para a participación de OSM, enxeñeiro de camiños municipal e xefe da sección de servizos, e JRDB, arquitecto municipal
443/2021	05-04-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dun alpendre de bloques de formigón e unha soleira de formigón na parcela sita en San Lourenzo de Meixigo, Cambre sen comunicación previa de obras. Propiedade: JLMM
444/2021	05-04-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
445/2021	05-04-2021	Corrección da Resolución concelleira da Área de Servizos e Seguridade Cidadá número 225/2021, de data 15 de febreiro. Expte 2020/G003/002117. Apertura urna perimetral 134 B
446/2021	05-04-2021	Reposición legalidade urbanística por colocación de rampla en zona pública fronte ao Bar Dolar sito na rúa Constitución, O Temple. Propiedade: DY S.L.
447/2021	05-04-2021	Autorización apertura urna perimetral número 112, letra C, co fin de inhumar as cinzas de dona JPL falecida o 3 de xaneiro de 2020
448/2021	05-04-2021	Declarar a desistencia da compañía Mapfre España S.A. respecto do seu escrito presentado presencialmente nas oficinas de Correos, e rexistrado de entrada neste concello ao número 20200000000293, o día 21 de xaneiro de 2020, procedente do departamento de recobros. Danos en vivenda situada en paseo marítimo número 21.1.A, Expediente : TEDeC 2020/P001/000006 responsabilidade patrimonial.
449/2021	05-04-2021	Recoñecemento de obrigas a prol de propietarios da finca 4817701NH5941N0001RG en concepto de gastos en los que incorren pola cesión ao concello de Cambre para construír un depósito de auga e o seu aboamento
450/2021	05-04-2021	Aprobar, dispor un gasto, recoñecer e liquidar obrigas a prol da Xunta de Galicia, por importe de 3.105,07 euros en concepto de sanción imposta polo organismo Saúde Pública, da Xunta de Galicia por infracción en materia de abastecemento de auga para o consumo humano
451/2021	06-04-2021	Devolver o do seguro de caución núm. 201302491-00064 da entidade aseguradora Millennium Insurance Company, LTD, depositado na Tesourería municipal por Greenalia Forest, S.L., por importe de 5.000,00 €, como garantía de reparación das deterioracións producidas no camiño público municipal núm.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		1C.1.0097, sito no lugar de Leiras, Cecebre, pola execución dunha talla comunicada no exp. 2019/U026/000261
452/2021	07-04-2021	Desestimento axuda aluguer de LAGR
453/2021	07-04-2021	Conceder a axuda aluguer a SCOB por importe de 400 euros
454/2021	07-04-2021	Denegar a axuda recibo auga a OSR por ser a solicitude de pago do recibo posterior á data límite do pagamento
455/2021	07-04-2021	Desestimento axuda lentes correctoras de NCS
456/2021	07-04-2021	Desestimento axuda aluguer de MDLG
457/2021	07-04-2021	Licenza de legalización de planta soto na vivenda sita no lugar de San Lorenzo. Propiedade: FJVY
458/2021	07-04-2021	Expediente de transferencia de crédito núm. 1/2021. Actividades culturais
459/2021	07-04-2021	Aprobar as facturas e recoñecer as obrigas con reparos da Intervención por importe total de 11.218,82 €
460/2021	08-04-2021	Aprobación de certificacións de obra mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple, POS + 2019 e factura correspondente
461/2021	08-04-2021	Denegar a axuda recibos de luz por existir fiador solidario no contrato de aluguer. Solicitante: MMIS
462/2021	08-04-2021	Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 370 euros. Solicitante: YCGE

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Jardanay, S.L.* adxudicataria do “*Servizo de catering para os participantes dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos periodos vacacionais escolares*”. Expediente 2017/C004/000006

- Adxudicación do contrato menor da obra “*Instalación dun circuito físico-deportivo anexo ao campo de Fútbol Dani Mallo. Cambre*”, a prol da empresa *Jardinería Arce, S.L.*, no prezo ofertado de 32.885,00 euros sen IVE, 39.790,85 euros (IVE incluído). Exp.: 2021/C002/000006

- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* adxudicataria da obra “*Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre*” incluída no POS Adicional 1/2015. Exp.2016/C003/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de devolución da garantía definitiva á empresa *Jardanay, S.L.* adxudicataria do “*Servizo de catering para os participantes dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos periodos vacacionais escolares*”. Expediente 2017/C004/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 14 de xullo de 2017, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Jardanay,S.L.* para o “*Servizo de catering para os participantes dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos periodos vacacionais escolares*”.

Expediente 2017/C004/000006

Visto que no antedito expediente depositouse en metálico, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 30/06/2017 e importe de 2.102,00 euros, con número de rexistro 756, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, con data do 09 de abril de 2021.

Visto o informe de fiscalización favorable número 97/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 10 de abril 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do (TRLCS) Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Jardanay,S.L.*”, con CIF B1575.... e enderezo na Rúa Menéndez y Pelayo, 12, 1º esq. 15005 A Coruña, no expediente número 2017/C004/000006, para o “*Servizo de catering para os participantes dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos periodos vacacionais escolares*”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación do contrato menor da obra “Instalación dun circuito físico-deportivo anexo ao campo de Fútbol Dani Mallo. Cambre”, a prol da empresa Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 32.885,00 euros sen IVE, 39.790,85 euros (IVE incluído). Exp.: 2021/C002/000006

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 25/01/2021 asínase polo Coordinador de área de Cultura, Deportes e Xuventude, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente á obra “Instalación dun circuito físico-deportivo anexo ao campo de Fútbol Dani Mallo. Cambre” no que se motiva a necesidade da obra no correcto mantemento e seguridade da instalación deportiva municipal que será obxecto das actuacións , xa que se trata de mellorar as condicións de realización de exercicio seguro e que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades realizadas polos usuarios condicionadas pola situación pandémica da Covid 19, tratando de facilitar un espazo de adestramento ao aire libre onde a incidencia vírica da Covid-19 é menor. O orzamento previsto é de 33.035,35 €, sen IVE, 39.972,77 €, IVE incluído.

En concreto, propónse a realización dun circuito de Calistenia para promover o deporte urban no concello e que os veciños/as poidan realizar actividade física ao aire libre, polo que se proxecta a instalación dun conxunto de xogos que permitan a práctica destes deportes, dando así resposta ás necesidades dos usuarios, toda vez que con esta actuación a zona deportiva contará con instalacións para a práctica da calistenia, ademais da pista de skate existente, na que se realizarán actuacións de saneo e limpeza en zonas puntuais.

Con data 31/01/2021 emítese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342 62500 (mobiliario instalacións deportivas), dentro do código de proxecto 2021 4 342 (Suministro e instalación parque de calistenia), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 20/02/2021 asínase polo Coordinador de área de Cultura, Deportes e Xuventude, o documento denominado “Memoria Valorada para a Instalación dun circuito físico-Deportivo anexo ao campo de Fútbol Dani Mallo. Cambre” , cun orzamento base de licitación de 39.972,77 euros IVE incluído (33.035,35 euros sen IVE)

As obras que se pretenden levar a cabo enmárcanse dentro das competencias que o Concello de Cambre ten na promoción do deporte e instalacións deportivas conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, e artigo 8 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia.

Con data 01/03/2021 emítese informe polo Coordinador de área de deportes e cultura no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO, S.L.
- JARDINERIA ARCE, S.L.
- CALFENSA PROYECTOS, S.L

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta
---------	--------

	IVE incluído
MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO, S.L	39.881,60€
JARDINERIA ARCE, S.L	39.790,85€
CALFENSA PROYECTOS, S.L	39.930,00 €

formulando proposta de adxudicación da obra do contrato menor para a "Instalación dun circuito físico-Deportivo anexo ao campo de Fútbol Dani Mallo e realización de reparacións puntuais no pavimento da pista de skate contigua" a JARDINERIA ARCE S.L, co CIF: B1554**** e domicilio en rúa Manuel Murguia, 4-6 Entresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 32.885,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 39.790,85 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, o prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral con data do 11 de marzo de 2021.

Visto que, con data do 5 de abril de 2021, elabórase polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito o documento denominado "*Descrición técnica para a Instalación dun circuito físico-deportivo anexo ao campo de fútbol Dani Mallo. Cambre*", que substitúe á anterior Memoria valorada asinada polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 20/02/2021.

Visto que con data do 6 de abril de 2021 emítase informe conxunto polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude e máis polo arquitecto municipal, no que se fai constar que "*Con data 5/4/2021, o arquitecto municipal redacta unha nova memoria, baseándose na anterior que xa estaba conformada por el mediante informe que consta no expediente. Os cambios introducidos pola redacción desta nova memoria non afectan nin ao prezo, nin á execución nin á tipoloxía dos xogos. O único cambio que introduce refírese á distribución dos xogos. Por isto, as ofertas presentadas polas entidades invitadas non se ven invalidadas por este motivo.*"

Visto o informe de fiscalización emitido polo interventor da Corporación nº 102/2021 Reparo 34 R, de data 11 de abril de 2021.

Visto que, por Resolución da Alcaldía nº 483/2021 de data 12 de abril de 2021 levantáronse os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “*Descrición técnica para a Instalación dun circuito físico-deportivo anexo ao campo de fútbol Dani Mallo. Cambre*”, elaborada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, por un importe total de 33.035,35 €, sen IVE, 39.972,77 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342 62500.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000006, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato da obra “Instalación dun circuito físico-deportivo anexo ao campo de Fútbol Dani Mallo. Cambre”, a prol da empresa Jardinería Arce, S.L. , co CIF B1554**** e domicilio en rúa Manuel Murguía, 4-6 Entresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 32.885,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 39.790,85 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, o prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, que exercerá asimesmo os labores de responsable do contrato segundo o establecido no artigo 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á responsable do contrato, ao coordinador da Área de Cultura, Deportes Educación e Xuventude municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* adxudicataria da obra “Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre” incluída no POS Adicional 1/2015. Exp.2016/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de abril de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que con data 17 de novembro de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Construcciones Ponciano Nieto, S.L.* para a obra “Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre” incluída no POS Adicional 1/2015. Expediente 2016/C003/000001.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval número 357469 de data 08 de novembro de 2016, depositado na Tesourería municipal con data 09/11/2016 por importe de 3.393,11 euros e con núm. de rexistro 696 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 27 de xaneiro de 2021.

Visto o informe de fiscalización número NUM 99/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 10 de abril de 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade *Construcciones Ponciano Nieto, S.L* con CIF B1529... e con enderezo na Rúa Agra dos Cregos, nº 28, 15850 Zas, A Coruña, no expediente número 2016/C003/000001 para a obra Renovación de beirarrúas na rúa Temple, Cambre” incluída no POS Adicional 1/2015

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia